



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI Virxe dos Remedios

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988203089 Fax 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es

galicia

PLAN DE IGUALDADE

CPI VIRXE DOS

REMEDIOS



1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTUALIZACION NORMATIVA E DE CENTRO	4
3. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN	6
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIofobia	7
5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS PARA O NOSO CENTRO	9
6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NO NOSO CENTRO	11
7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO	15
8. ANEXOS.....	16



1. INTRODUCCIÓN

A igualdade entre homes e mulleres é un dereito básico que rexe o funcionamento das sociedades democráticas e que a Unión Europea identifica como un dos seus principios esenciais, e así se recolle en multitud de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construcción dunha cultura que pode cambiar ou perpetuar formas de pensamento e de acción social. Os pais e os profesores son decisivos para a transmisión de valores de respeito, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres. Tamén desempeñan un papel importante na compensación de desigualdades: e entre elas, as que proveñen de prexuízos sexistas e que poden incidir no desenvolvemento de nenos e nenas desde os seus primeiros anos.

Debido a que familia e escola proporcionan modelos de conduta, a sociedade pide a toda a comunidade educativa a súa participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade de dereitos, o respeito e a colaboración.

Desde a escola débese desenvolver unha reflexión crítica sobre aqueles aspectos que poden xerar discriminación entre as persoas polo simple feito de ser de distinto sexo. A sociedade confía no labor da escola nestes asuntos de especial sensibilidade e demanda social.

A educación para a igualdade debe realizarse desde as idades más temperás, mediante unha aprendizaxe que promova en cada persoa hábitos no persoal e na súa relación cos demás.

A escola pode preparar un itinerario formativo, unha auténtica educación integral, que facilite o desenvolvemento de cada individuo, home ou muller, en todas as súas dimensións, que traballe activamente e de modo transversal para a superación de prexuízos e estereotipos sexistas.



CPI Virxe dos Remedios

O sistema educativo debe facerse cargo de crear as condicións necesarias para que a escola potencie as aprendizaxes para a vida afectiva e incorpore o valor e a riqueza que supón a diversidade de modos de ser home e de ser muller, que son o substrato imprescindible para establecer unhas relacións baseadas na equidade, o respecto e a corresponsabilidade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO

A Constitución Española, no seu artigo 14, recolle como dereito que “somos iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, manifesta no seu preámbulo que a educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos. O artigo 1 desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. E o artigo 2 establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”. Os decretos do currículo desenvolven estes principios.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, sinálao en diversas ocasións: “Un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación”. (Preámbulo). “O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero” (Art. 1, apartado I).

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén fai referencia á educación: “A conquista da igualdade e o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa O Touroal S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988203089 Fax 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es



CPI Virxe dos Remedios

respecto á dignidade humana e a liberdade das persoas teñen que ser un obxectivo prioritario en todos os niveis de socialización (Exposición de motivos)”. “O sistema educativo español incluirá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos” (Art. 4.1).

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo de 2007, para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres, refírese tamén á igualdade no marco do ensino: “As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, prodúzanse desigualdades entre mulleres e homes” (Art. 24.1).

O decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e a discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual”.

Así meso o decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

O decreto 8/2018, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988203089 Fax 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es

galicia

CPI Virxe dos Remedios

directrices básicas e as actuación, incluíndo a mediación na xestión de conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019-2020, ten carácter básico e é de obrigado cumprimento para os centros, nela regúlase a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos.

O plan de igualdade elaborado formará parte do Proxecto Educativo do centro e desenvolverase anualmente no marco da Programación Xeral Anual. A elaboración será responsabilidade do equipo directivo.

3. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Este Plan de Igualdade responde os principios de:

- Visibilidade. A escola debe impulsar a sensibilización sobre a existencia de estereotipos e desigualdades de xénero, así como o fomento do seu papel activo para superar calquera discriminación. Unha mostra diso será o coidado en reflectir a contribución da muller ao longo da historia e nos distintos ámbitos da sociedade, sinalar os papeis sociais discriminatorios en función do sexo, evitar expresións ou formulacións sexistas, etc.
- Transversalidade. Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes en todo o conxunto de accións que leva a cabo o colexio.
- Inclusión. As medidas e actuacións que se expoñen diríxense ao conxunto da comunidade educativa (pais e nais, profesorado e alumnado), porque se require unha intervención de todos para transmitir eses valores relacionados e corrixir os desaxustes existentes.



CPI Virxe dos Remedios

- Valores democráticos: a coeducación debe garantir os valores de igualdade, liberdade e xustiza que garanten a defensa dos dereitos humanos.
- Igualdade de oportunidades: o centro educativo axuda á construcción dunha sociedade libre na que as mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIfobia.

Nestes intres, e despois de revisar a lexislación sobre o tema, pódese concluir que o noso centro presenta as seguintes FORTALEZAS:

1. No Proxecto Educativo de Centro (PE), a igualdade entre homes e mulleres, a responsabilidade social e a colaboración cos demais, aparecen como valores, obxectivos e principios educativos. Son eixos esenciais da acción educadora do colexio.
2. Na Programación Xeral Anual (PXA), recóllense accións e actividades relacionadas con esos valores, entre as que se atopan as que se organizan coincidindo con datas especiais:
 - 20 novembro: Día Internacional dos Dereitos da Infancia.
 - 25 novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.
 - 10 decembro: Día Internacional dos Dereitos Humanos.
 - 20 decembro: Día Internacional da Solidariedade Humana.
 - 30 xaneiro: Día Internacional da Paz.
 - 8 marzo: Día Internacional da Muller.
3. Nas programacións de aula, procúrase que as concrecións do currículo destaqueñ o valor



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988203089 Fax 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es



CPI Virxe dos Remedios

da igualdade, a contribución da muller ao longo dos séculos á arte, ás ciencias e ao desenvolvemento da sociedade e da cultura. Os contidos inclúen a análise crítica dos obstáculos á igualdade ao longo da historia.

4. No plan de acción titorial deséñanse actividades que se centran na prevención de violencia de xénero, a igualdade e á non discriminación.

5. O departamento de orientación en coordinación cos titores deseña, planifica e desenvolve actuacións, charlas, actividades, ... que promovan a igualdade entre mulleres e homes, prevención de violencia de xénero, educación afectivo sexual, ...

6. A composición do equipo directivo do centro, e dos seus distintos órganos de coordinación, é paritaria en canto a representación de homes e mulleres.

7. Colaboramos con outras institucións na realización de actividades coeducativas.

Tamén constatamos DEBILIDADES:

1. Non dispuñamos, ata estes intres, dun plan de igualdade.

2. Temos que nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar do centro para participar no impulso do Plan de igualdade.

3. Temos que procurar fomentar a formación do profesorado, tanto a nivel individual como grupal nesta temática.

4. Debemos repensar/revisar/reelaborar toda a documentación tanto individual como de centro para incluír os principios básicos da igualdade.

5. As nosas actuacións como docentes deben ser repensadas e reelaboradas para adaptalas aos principios básico incluídos neste Plan.



6. Sería importante poder levar a cabo algúnsha actividade de formación de familias a través dunha escola de nais e pais.

5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS PARA O NOSO CENTRO

1. Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística, ...
4. Educar desde a diversidade para unhas relacóns afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.
5. Traballar as relacóns de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacóns persoais, co fin de visualizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacóns pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistemática á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacóns de discriminación múltiple.



7. Fomentar o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.
8. Desenvolver valores persoais e sociais que fomenten esa igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha igualdade real de oportunidades na vida profesional.
9. Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades sociais e as xerarquías baseadas neses estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
10. Educar para aprender a convivir en equidade ao longo da vida. As tarefas da vida diaria, as tarefas laborais, as tarefas propias da vida doméstica e o coidado das persoas deben asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres.
11. Contrarrestar posibles estereotipos de dominación e dependencia áinda moi arraigados na sociedade.
12. Educar en prevención de violencia de xénero. É preciso erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidación ou calquera outra estratexia de coacción. Convén visualizalo sinalando tamén exemplos concretos do que se denominou “ micromachismo”, é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizá lexitimados pola contorna social, pero que supoñen unha sutil violencia contra as mulleres e constitúen unha deplorable forma de acoso.
13. Educar na detección de posibles casos de abusos ou malos tratos. É preciso sinalar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre os modos de reaccionar, tanto no caso de vítimas como de quen poida ser testemuñas ou observadores.
14. Educar no respecto e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual.



CPI Virxe dos Remedios

Débense dar pautas de prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de situación de acoso ou discriminación.

15. Educar na igualdade no deporte e a actividade física. É preciso promover a equidade neses ámbitos, tendo en conta as diferenzas existentes entre mulleres e homes, pero sen que estas limiten as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas que estruturalmente son más afins á muller ou ao home, débese facilitar unha elección libre e non estereotipada.
16. Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado do centro.
17. Dedicar especial atención á detección precoz da violencia física ou psicolóxica tanto no ámbito escolar como no familiar.

6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NO NOSO CENTRO

O Plan de Igualdade ten un claro carácter transversal, polo que se incorporan os valores de igualdade en todas as actividades e diríxense a toda a comunidade educativa.

Procúrase tamén que a igualdade, ou as actividades que se relacionan co Plan de Igualdade, non se entendan como un feito illado, senón como unha actitude necesaria e permanente que o alumnado incorpora de forma natural á súa realidade diaria e na súa contorna máis próxima: familia, compañeiros, amigos, etc.

Todas as actividades do colextio tratan de facer conscientes ao alumnado da importancia de descubrir as necesidades dos demais, como modo de combater a desigualdade.

As accións formativas son verdadeiramente eficaces cando os pais e o colextio fanas súas e compleméntanas.

O Plan de Acción Titorial que desenvolve o titor de aula ten que ter especialmente en conta o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988 203 089 Fax 988 203 089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es

galicia

CPI Virxe dos Remedios

respecto á igualdade de dereitos e oportunidades, o diálogo, a cooperación e a relación entre as persoas.

O departamento de orientación debe traballar estes aspectos co alumnado e as familias, procurando detectar carencias ou situacións de risco.

En Educación Física e nas actividades deportivas, insístese en reflectir unha imaxe positiva das mulleres no deporte, diversificada, exenta de estereotipos de xénero.

Debe erradicarse o sexismo na linguaxe oral do persoal do centro.

Nas entrevistas persoais de titoría co alumnado e coas súas familias, tamén se tratan estes temas e pode ser ocasión de advertir sobre actitudes ou comportamentos individuais ou familiares que son contrarios á igualdade.

Na orientación académica e profesional desenvólvense actividades de mentoring ou de titoría persoal que, desde unha perspectiva exenta de estereotipos sexistas.

Todo o profesorado, secuenciando de forma progresiva e sistemática as actividades e adaptándose ás idades e características dos alumnos, leva a cabo unha formación en igualdade e no respecto aos demais que se concreta en:

- Un clima de tolerancia e participación, fundamentado na superación de calquera discriminación, na igualdade e na análise crítica de estereotipos culturais e sociais.
- Unha actitude de escucha atenta e respectuosa coas quendas de palabra, sen interromper a quien fala, intervindo sen tratar de imponer o propio criterio, etc.
- Un ambiente propicio para o debate e o diálogo, que fomenta o uso



CPI Virxe dos Remedios

respectuoso da palabra, alleo a calquera discriminación, ofensa ou descualificación a outras persoas ou culturas.

- Un empeño por propiciar e favorecer oportunidades de cooperación: traballos en equipo, zonas de traballo, encargos e responsabilidades no colexio e en casa, atención aos demais (pais, irmáns, compañeiros, persoas enfermas ou que necesiten axuda, etc.).
- Na elección de libros de texto e outros materiais, procúrase que as concrecións do currículo destaqueñ o valor da igualdade, a tolerancia, o respecto e a cooperación.
- Nos plans de lectura, resáltase e analiza o papel das mulleres en todos os ámbitos sociais e nas distintas etapas da Historia, e a súa contribución ao avance do saber, en especial nas áreas consideradas tradicionalmente masculinas.
- Os patios e demais espazos escolares utilizázanse de forma compartida e non excluínte.
- Nas actividades de clase, foméntanse actitudes e valores de igualdade no compromiso cos demais, coa mellora da sociedade e coa contribución desinteresada ao ben de todos.
- Na realización de encargos e responsabilidades de clase, promóvense os valores propios da igualdade en todo o relativo á responsabilidade, o compañerismo, a colaboración e o espírito de servizo.
- No Consello Escolar contarase cun membro encargado de fomentar a igualdade. Esa persoa impulsa medidas educativas que fomentan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres; identifica posibles



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa O Toural S/N
32760 Castro Caldelas (Ourense)
Tel. 988203089 Fax 988 203089
cpi.virxe.remedios@edu.xunta.es



CPI Virxe dos Remedios

discriminacións e estereotipos sexistas; promove accións destinadas a destacar o valor da igualdade e á prevención da violencia de xénero; propón criterios para a elaboración do proxecto educativo e das normas de organización e funcionamento; realiza propostas para a formación do profesorado, así como de pais e nais; potencia a coordinación con outras institucións e profesionais da contorna que desenvolván actuacións nesa materia; etc.

A educación personalizada axuda a cada alumna e a cada alumno para descubrir o mellor de si mesmo e a formular o seu propio proxecto persoal de vida. O ambiente debe facilitar o desenvolvemento das súas capacidades persoais e as súas expectativas profesionais. Esta personalización debe incidir sempre na educación en igualdade para mozas e para mozos: a mesma esixencia, os mesmos criterios de avaliación, os mesmos dereitos e deberes, as mesmas perspectivas profesionais e persoais, a mesma responsabilidade e respecto mutuo.

Sen esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, senón a eliminación de toda discriminación e desigualdade por mor desas diferenzas, o noso centro debe:

- Transmitir unha forma de vida exenta de prexuízos e de estereotipos de xénero.
- Tentar contrarrestar o efecto das mensaxes non igualitarias que reciben desde ámbitos que, en ocasións, conlevan discriminación e fomento de estereotipos sexistas.
- Procurar un ambiente de convivencia, baseado nun concepto de cidadanía responsable e democrática que non tolere discriminacións.
- Fundamentar as relacións humanas no respecto á igualdade de dereitos e oportunidades, no diálogo e na resolución pacífica dos conflitos.



- Capacitar para que elixan as súas opcións académicas sen condicionamentos de xénero.

7. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Este Plan de Igualdade precisa dunha avaliación periódica que achegue información relevante que permita mellorar os resultados e corrixir posibles disfuncións.

Para poder valorar determinados indicadores, convén precisar que instrumentos e que datos convén recoller, deseñar o instrumento que nos permita recoller información para mellorar as actuacións. O deseño do instrumento de avaliação será misión do equipo directivos.

Logo da análise e valoración dos datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

É necesario axuntar esforzos e deseñar estratexias educativas que permitan facer realidade o principio de igualdade entre os sexos. Este Plan de Igualdade constitúe o marco global de intervención no contexto escolar para impulsar a consolidación do principio de igualdade e coordinar actuacións que favorezan o coñecemento das diferenzas entre nenos e nenas, e entre homes e mulleres, para establecer as condicións escolares que permitan corrixir as discriminacións ou estereotipos sexistas, así como a corrección de desequilibrios que permitan facer unha sociedade máis xusta e equilibrada.

A inspección educativa supervisará este plan para verificar a súa adecuación ao establecido nestas instrucións, formular as suxestións que estime oportunas e indicar as correccións que procedan.



CPI Virxe dos Remedios

8. ANEXOS

Anexo 1. Ficha de alumnado

Anexo 2. Ficha de profesorado

Anexo 3. Ficha xefatura de departamento

Anexo 4. Proposta de actividades

Castro Caldelas, 10 de decembro de 2019

Asdo: Juan Carlos Velo Fernández
Director do CPI Virxe dos Remedios

FICHA III		SEXO:	EDAD:	NIVEL QUE CURSA:	SI	NO	A VECES
1. ¿ Consideras que existen determinadas cualidades y comportamientos diferenciadas para las chicas y los chicos? Ej: la chica sensible, dulce, sumisa, delicada, sexy/el chico deportista, dominante, atrevido, mandón.							
2. ¿Crees que la forma de sentir y amar es diferente entre los chicos y las chicas?							
3. ¿Está justificado que las personas que no siguen los modelos de feminidad y masculinidad dominantes sean discriminadas ?							
4. ¿ Piensas que si una persona lleva una falda corta está insinuando algo?							
5. ¿ Le has dado la contraseña de tu móvil, instagram, facebook... a tu pareja?							
6. ¿ Los chicos deben responsabilizarse de sus comportamientos agresivos contra las chicas?							
7. ¿ Tienen las mujeres derecho a estar solas en la calle, y no ser acosadas por ello?							
8. ¿Te incomoda que dos chicas muestren afecto y amor entre ellas, tal y como los hacen las parejas heterosexuales?							
9. ¿ La bisexualidad significa que puedes sentir deseo tanto por un chico como por una chica?							
10. ¿ Atenta contra la dignidad de las personas alguna de las letras de las canciones de reggaeton, trap...?							
11. ¿Las personas somos libres para decidir nuestra identidad de género y la orientación sexual?							

12. ¿Respetas el derecho de las personas a cambiar de opinión?	
13. ¿Crees que hay una relación directa entre el cuerpo y vivirse como mujer u hombre?	
14. ¿Estás de acuerdo en que hombres y mujeres deben tener los mismos derechos y a ser respetados como personas?	
15. ¿Crees que existe la igualdad entre mujeres y hombres?	
16. En este curso o cursos anteriores ¿Algún profesor o profesora te ha explicado, y ha trabajado contenidos relacionados con igualdad? Por ejemplo: nombre de mujeres científicas, filósofas, escritoras, compositoras, deportistas...	
17. ¿Te parece necesario poder tener un espacio en el centro educativo para hablar sobre sexualidad, prevención de enfermedades de transmisión sexual, relaciones amorosas...?	
18. ¿Alguna vez te has visto obligada u obligado a tener que hacer algo con tu cuerpo que no querías?	
19. ¿Crees que los celos y el control son muestras que indican que nos quieren?	

FICHA I					
DATOS GENERALES					
Fecha:		Sexo:			
Área o materia:		Nº de años de desempeño profesional:			
Nivel:		Edad: entre 25-40/entre 40-50/entre 50-60/más de 60			
LENGUAJE VERBAL		EN FEMENINO	EN MASCULINO	EN MASCULINO Y FEMENINO	EN NEUTRO (GENÉRICO)
1. ¿Cuándo te diriges al alumnado para dar la bienvenida, saludar o despedir lo haces utilizando?					
2. ¿Cuándo quieres captar la atención del alumnado utilizas términos o palabras?					
3. ¿Cuándo realizas llamadas de atención o amonestaciones al alumnado?					
4. ¿Cuándo solicitas ayuda al alumnado?					
EXPRESIONES SEXISTA		SÍ	NO	A VECES	
5. ¿Te diriges al alumnado con expresiones diferenciadas para niños y niñas?					
6. ¿Estableces diferencias en la participación, turno de palabras o atribuciones de roles en función del sexo?					
7. ¿Utilizas diminutivos para dirigirte a las alumnas?					
8. ¿Empleas chistes machistas para introducir un toque de humor?					

USO Y DISTRIBUCIÓN DE LOS ESPACIOS Y TIEMPOS	SI	NO	A VECES
9. ¿Estableces diferencias en las tareas de aula en función de los sexos? Por ejemplo: el reparto de material, ordenar o limpia a las alumnas. Las tareas de mover mesas u objetos pesados, colgar en la pared...a los alumnos. Así como la manipulación de los ordenadores, instrumentos de laboratorio, material de educación física, herramientas en el taller de tecnología...			
10. ¿Atiendes por igual las intervenciones y la participación de las alumnas y de los alumnos?			
11. ¿Sientas a los alumnos más disruptivos al lado de las alumnas más trabajadoras y tranquilas?			
12. ¿Sientas a los alumnos más tranquilos y trabajadores con las alumnas más disruptivas?			
13. ¿Preguntas más a las alumnas que a los alumnos?			
14. ¿Dedicas tiempo a favorecer las relaciones interpersonales entre el alumnado, profesorado y familias?			
15. ¿Estás disponible cuando otras personas de la comunidad educativa requieren tu ayuda o compañía?			
16. ¿Dedicas tiempo al cuidado del centro, del espacio de aprendizaje u otros espacios comunes?			
CONCIENCIA DEL PROFESORADO	SI	NO	A VECES
17. ¿Reconoces de forma explícita o implícita que el sexismo se manifiesta en la escuela?			
18. ¿Cuestionas los roles y estereotipos de género?			
19. ¿En tu práctica docente, introduces elementos y valores que promueven la igualdad?			
20. ¿Has participado o participas en actividades de igualdad que organiza el centro educativo?			
21. ¿Conoces las diferencias entre el modelo educativo mixto y el modelo coeducativo?			
22. ¿Te parece importante tener en el centro educativo una plan que recoja un conjunto de medidas que contribuyan a la deconstrucción de los estereotipos de género?			
23. ¿Tienes expectativas académicas y profesionales diferentes en función del sexo?			

24 ¿Reconoces la violencia de género, la violencia sexual, la trata y la mutilación genital femenina, como máximas expresiones de la discriminación hacia las mujeres ?		
25 ¿Empleas un lenguaje cordial que invita a la cooperación y corresponsabilidad del aula?		
26 ¿El compromiso a la igualdad depende de todas y todos?		

RESPONDE CON VERDADERO O FALSO A LAS SIGUIENTES AFIRMACIONES	VERDADERO	FALSO
27. En nuestro país, la igualdad real entre mujeres y hombres ya está superada.		
28. En el claustro de profesorado hay personas que por sus comentarios y comportamientos manifiestan actitudes homófugas.		
29. La escuela mixta, a pesar de las dificultades, da respuestas a las realidades en el aula sin tener que implementar otro modelo educativo.		
30. El movimiento feminista es fundamental en la búsqueda de igualdad de derechos entre mujeres y hombres.		
31. El patriarcado ha desaparecido de las estructuras sociales.		
32. En el ámbito laboral no existen discriminaciones por ser mujer o por no cumplir con la heteronormatividad.		
33. Lo que no se nombra existe.		
34. Las diferencias propician jerarquías.		
35. El sexismo solo se manifiesta en el currículo oculto (valores, comportamientos, actitudes...).		

FICHA IV

RECURSOS, MATERIALES DIDÁCTICOS Y LIBROS DE TEXTOS				FICHA IV		
Nº TOTAL DE PERSONAS:	Nº DE MUJERES:	Nº DE HOMBRES:	Nº PERSONAS NO BINARIAS:	SÍ	NO	A VECES
1. ¿El recurso más utilizado sigue siendo el libro de texto?						
2. ¿Se analizan exhaustivamente el lenguaje, las imágenes y los contenidos de los libros de textos antes de tomar la decisión de su uso?						
3. ¿Se tiene en cuenta la coeducación para el diseño de las situaciones de aprendizajes o unidades didácticas?						
4. ¿Se contempla visibilizar e incluir el saber de las mujeres en todas las áreas de conocimiento?						
5. ¿Se aborda las propuestas y los logros de los movimientos feministas en las programaciones de aula?						
6. ¿Se ha debatido en las reuniones el androcentrismo de los recursos?						
7. ¿Las actividades que se realizan desde el plan de acción tutorial abordan la igualdad?						
8. ¿Les parece importante trabajar con el alumnado la inteligencia emocional, los buenos tratos, la diversidad sexual...?						
9. ¿Creen que es importante que los centros educativos puedan disponer de recursos para abordar la Educación Afectivo-Sexual?						
10. ¿Se aprovechan las circunstancias que se dan en los contextos de enseñanza-aprendizaje para abordar temáticas relacionadas con igualdad? Buenos tratos, respeto a la diversidad sexual, prevención de la violencia de género, discriminación por homofobia y transfobia...						
11. ¿Se trabaja desde la materia o área la educación afectivo-sexual?						
12. ¿Se considera importante visibilizar la diversidad humana (sexual, étnica, corporal, funcional...)?						
13. ¿Se promueve el aprendizaje cooperativo, la corresponsabilidad en el reparto de las tareas y en la asunción de las						

responsabilidades?		
14. ¿Participan en las actividades que el centro organiza en torno a efemérides relacionadas con igualdad? 8 de marzo, 25 de noviembre, 17 de mayo, 11 de febrero...		
15. ¿Se promueve la igualdad para planificar vestuarios o selección de canciones en actos del centro educativo para los días D?		

Actividades	Descripción da actividade	Realización	Responsable s/coordinació n	Participantes /destinatario s/as a quén/aidarixi da a actividad	Orzamentos e/ou recursos necesarios	Medidor/ Indicador do grao de consecución dos obxectivospropostos
						PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO TANTO NA MESA COMO NO DEBATE. CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN
PROMOVER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES NO ÁMBITO DO NOSO CPI	Mesa de debate de 2,5 horas de duración onde as persoas da mesa (voluntarias entre persoal da comunidade educativa) e as participantes como público activo debatirán sobre as causas, as consecuencias e as ferramentas de cómo mudar esta dinámica sexista á hora de elixir a nosa formación.	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN DE IGUALDADE	Comunidade educativa	ORZAMENTO EMPRESA/ SALÓN DE ACTOS	PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO NA MESA E CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN
CONÉXER AS EXPERIENCIAS DE MULLERES QUE DECIDIROU EN EMPRENDER	Mesa de experiencias de 3 mulleres que decidiron ser emprendedoras a través de diferentes fórmulas rompendo o estereotipo de "empreendedor home de éxito". Diracción de 2,5 horas onde a interacción e participación será de toda a comunidade educativa	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN DE IGUALDADE	Comunidade educativa, Á sociedade en xeral	ORZAMENTO EMPRESA / SALÓN DE ACTOS	PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO NA MESA E CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN
POÑER O FOCO NAS SITUACIONES DE DESIGUALDADE	Obradoiro creativo de elaboración artesanal de lentes liliásfeitas con refugallo, cartolinoucalquier outro material. Realización de fotos coas lentes liliás de toda a comunidade educativa ou de calquera outra persoa relacionada, ou non, co CPI. Inauguración da exposición fotográfica, que ficará durante algún tempo no centro.	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN DE IGUALDADE	Comunidade educativa, Á sociedade en xeral	ORZAMENTO DA EMPRESA	GRAO DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES
CONCIENCIAR SOBRE A DESIGUALDADE EN QUE SE EDUCUA A MOZOS E MOZAS ADESTRANDO EN TÉCNICAS PARA IDENTIFICAR ESTEREOTIPOS SEXISTAS	Traballarco alumnado certos conceptos que permitirán por unha banda palpar os prejuizos en torno á igualdade debatindo sobre eles e, por outra banda, clareallos para que a conceptualización destes termos cxereñerounha transformación de actitudes, condutas e accións	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN DE IGUALDADE	Alumnado	ORZAMENTO EMPRESA	GRAO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO PARTICIPANTE E NIVEL DE CONOCEMENTOS ADQUIRIDOS SOBRE O TEMA
IDENTIFICAR O PROBLEMA DA VIOLENCIA DE XÉNERO, TANTO FÍSICA COMO PSÍQUICA, SEXUAL E SOCIAL	OBRADOIRO CO ALUMNADO QUE O DESEXE SOBRE XEITOS DE RELACIONARSE LIBRE DE OPRESIÓN, CONTROL, POSESIÓN, DE ROLES DE SUBMISIÓN	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN DE IGUALDADE	Comunidade educativa, Á sociedade en xeral	ORZAMENTO EMPRESA	CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN E UTILIDADE
VISIBILIZAR AS CONDUTAS SEXISTAS EXISTENTES NA SOCIEDADE, ANALIZAR A PERCEPCIÓN QUE A MOCIDADE TÉN SOBREESTAS E PROPORCIONAR FERRAMENTAS PARA A DETECCIÓN E DECONSTRUCCIÓN DESTAS CONDUTAS MACHISTAS	Mediante un continuo previamente elaborado e estruturado en tres zonas (amarelo, laranxa e vermello) as persoas participantes clasificarán diferentes afirmacións machistas presentes na sociedad, facendo especial fincapénaquelas que se atopen no amarelo.	Empresa /instituci ón externa ao centro	COMISIÓN IGUALDADE	Comunidade educativa, Á sociedade en xeral	ORZAMENTO EMPRESA	CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN

Visibilizar a escasa presenza da muller na nosa cultura a través do estudo da súa presenza na nosa localidade	Obradoiro dirixido dende a familia profesional de turismo para identificar as rúas caldeás adicadas a mulleres. Elaborar o ruteofeminino e expoñelo na entrada do CPI	O propio centro Comunidade educativa, A sociedade en xeral	Alumnado, Profesorado, Comunidade educativa, A sociedade en xeral	Os necesarios para a elaboración do "ruteofeminino"	Enquisa de opinión á comunidade educativa
Axeitar a linguaaxe dos documentos de centro, así como a dos materiais didácticos empregados para que transmitan ideas de equilibrio e igualdade entre homes e mulleres e evitar a linguaaxe sexista	Revisión da linguaaxe presente nos documentos de centro e nos materiais didácticos	O propio centro Todo o centro	Profesorado		Diminución da frecuencia de aparición de termos sexistas nos documentos revisados
Conocer a experiencia vital de mulleres que destacan en contextos "masculinizados"	Cada día, durante certo tempo, proporáselle á comunidade educativa, desde a páxina web ou as redes sociais, actividades de identificación de linguaaxe sexista en diferentes soportes escritos ou audiovisuals fin de detectar linguaaxe e/ou comunicación sexista. Aquelas persoas que participen irán acadando puntos (ou algo similar) que, ao final, poderán ser canxeados por material didáctico ou similar	O propio centro COMISIÓN DE IGUALDADE .BIBLIOTECA TIC, IDIOMAS	Comunidade educativa	O necesario para os vales para canxeart.	Enquisa de satisfacción e porcentaxe de participación
Con-vivir, dende o propio desempeño profesional, a situación da muller inmigrante	Presentación, conferencia debate participativo entre a persoa invitada e comunidade educativa (3 conferenciantes, unhaao trimestre)	O propio centro, Empresa /Instituci ón externa ao centro COMISIÓN DE IGUALDADE	Comunidade educativa, A sociedade en xeral		CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES
Sensibilizar ao alumnado en cuestións de igualdade	Preparación e gravación de canción para encontro de mulleres inmigrantes e sesión fotográfica	O propio centro, Empresa /Instituci ón externa ao centro IMAXE E SON	Alumnado, ORZAMENTO EMPRESA		ENQUISA SATISFACCIÓN ALUMNADO
Concienciar sobre a desigualdade existente na sociedad	Visionado crítico dun film en termos de igualdade, análise do sexismo no cine	O propio centro IMAXE E SON	Alumnado		ENQUISA SATISFACCIÓN
Visibilizar á muller no mundo audiovisual	Concurso de fotorelato	O propio centro Biblioteca	Alumnado	Vale para canxe	Nivel de participación
Sensibilizar e informar sobre as desigualdades de xénero e a súa historia	Gravación de proxectos audiovisuais (videoclips)	O propio centro	Alumnado		CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO
Charla coloquio		Empresa /Instituci ón externa ao centro BIBLIOTECA	Comunidade educativa		Enquisa de satisfacción

		O propio centro	TIC, COMISIÓN DE IGUALDAD	Comunidade educativa, A sociedade en xeral
Visibilizar todas as actuacións que se fagandende o CIFP con respecto ao plan de igualdade e vehicular as mesmas	Habilitar na web do centro un espazo dedicado exclusivamente ao plan de igualdade e ás actividades que se desenvolván con respecto aomismo.			Actividade da páxina

